

A Lingua Galega na praxe xurídica

Comentaba non hai moito o notario Gutiérrez Aller a glosa que lle fixo a unha viñeta de Castelao na que un labrego lle di a outro: "A lei está contra nós, e nós non somos malos. Que facemos, Xan?", e o notario remataba así a glosa: "Fagamos nós a lei, a nosa propia lei".

Iso é o que moitos demandamos: que nos deixen facer as nosas leis, axeitadas á condición da sociedade galega para que non pareza que a lei "está contra nós".

Eu ben sei que hoxe Galicia, é dicir, o seu Parlamento, pode elaborar e promulgar leis e sei tamén que están redactadas nun galego máis ou menos comprensible, pero as leis teñen que ser aplicadas e todos sabemos que na praxe xurídica

non se refire ao concepto metafísico ou á idea universal de home, senón ao concepto de home integrado nunha cultura e impregnado dos valores e representacións simbólicas que son propias dunha sociedade. É dicir, demostran unhas carencias elementais por moita teoría xurídica que dominen.

Dise que o bispo de Lugo, Ona de Echave, comprendeu a necesidade de coñecer o galego cando ao preguntarlle a un mozo "Cuántos anos tienes?", este respondeulle que tiña dous e medio, porque o mozo, que falaba galego, entendeu que o bispo lle preguntaba cantas crías de ovella tiña na casa e parece ser que había dúas e unha viña de camiño. Pois moitos funcionarios do noso país aínda non chegaron a entender o que o navarro bispo de Lugo captou nun momento, nunha conversa.

O emprego da lingua galega non é só un dereito, por parte do cidadán, axuda tamén ao funcionario a captar os matices dunha resposta, a entender a complexidade do pensamento dos nosos labregos e mariñeiros, dos empregados e obreiros, das amas de casa e dos mozos, porque tras unha lingua hai sempre un universo cultural que a determina. Menos temas de dereito civil e mercantil e máis antropoloxía deberían marcar o roteiro dos opositores ás prazas das que logo gozarán vitaliciamente en Galicia.

Afortunadamente, iso entendérono dende sempre os avogados galegos. Os despachos dos avogados foron unha especie de confesionario nos que con habilidade eran capaces de sortear o labirinto mental dos clientes galegos, superar as artimañas e trampas habilmente dispostas, e captar o cerne do problema que tiñan que resolver. E iso foi posible porque foron sempre respectuosos co home galego e a súa cultura, na que eles mesmos estaban e están integrados.

Moito pode axudar a eliminar a desconfianza e a fomentar o respecto á cultura e á lingua galegas a actividade asociativa. Que un colexio de Avogados asuma a nosa cultura e a nosa lingua como un valor central da súa acción e que o faga non por compromiso ou interese político senón por razóns estritamente culturais e utilitarias, indícanos que xa estamos no camiño da rectificación á que a sociedade galega ten dereito, para que a xustiza e a administración encaixen plenamente no universo cultural do noso pobo.



Xosé Ramón Barreiro Fernández

Presidente da Real Academia Galega

moitos colectivos se resisten a empregar o galego, máis aínda, proscribendo coma se fose unha lingua de escravos. Argucias, aparentemente lexítimas, serven de coartada para negarlle ao cidadán galego o seu dereito a expresarse na súa lingua nos xuízos, nas notarías, nos rexistros, en xeral na administración galega.

Os que así actúan, ademais de transgredir a propia lei do país, revelan unha ignorancia tan radical que os debería incapacitar para o exercicio das funcións que lles son propias por moitas oposicións que aprobasen. Porque a lei non só debe ser elaborada senón tamén aplicada con racionalidade e a racionalidade, que é un elemento central da lei,